

1. OBXECTIVO

A finalidade da campaña de promoción do comercio local de Curtis 2022-2023 "O teu pobo premia" ten como obxectivo incentivar que a veciñanza poida coñecer a diversa oferta comercial de Curtis, premiando as súas compras habituais nos establecementos comerciais e de hostalería do Concello de Curtis.

A duración total da campaña será ata o 17 de abril de 2023.

3. PARTICIPANTES

Poderán participar nesta campaña todas as persoas físicas e xurídicas que realicen unha compra mínima de 25 € no comercio e hostalaría do Concello de Curtis, conforme ás datas indicadas nestas bases.

4.DESENVOLVIMENTO DA CAMPAÑA

A campaña "O TEU POBO PREMIA" desenvolverase en 4 fases:

Fase 1ª.- Reparto dos boletos. Por cada 25 € de gasto realizado no comercio e hostalaría de Curtis obtense unha boleto de participación co seu número correspondente, que será entregado no establecemento no que se realice o gasto. Este reparto de boletos terá lugar ata o día 5 de xaneiro de 2023, incluído. Os boletos que non se repartan entre os comerciantes deberán ser devoltos ao Concello o día 9 de xaneiro de 2023.

Fase 2ª - Sorteio. Realizarase conforme ao previsto na base 5. Fase 3ª - Cambio dos boletos por vale de compra. As persoas agraciadas no sorteo, trocarán no Concello os seus boletos por vales de compra, todo conforme o previsto na base 6.

Fase 4ª.- Xustificación do gasto por parte dos participantes. Realizarase conforme ao previsto na base 8.

5. COMPOSICIÓN DO XURADO E SORTEO

A extracción dos boletos gañadores realizarase mediante sorteo público ante o Alcalde, o Concelleiro Delegado de Promoción Económica do Concello de Curtis, e a Secretaria municipal que

dará fe do acto, e un/ha Traballador/a municipal que levantará acta do sorteo.

O sorteo comezará co depósito dos boletos participantes para proceder á súa posterior mestura.

A continuación extraeranse ao azar cantos boletos sexan necesarios para outorgar todos os premios, outorgándose o primeiro premio ao primeiro boleto extraído, o segundo ao segundo, e os corenta e cinco premios restantes aos corenta e cinco seguintes. Ademais, extraeranse 100 números adicionais de reserva.

A celebración do sorteo está prevista para o día 13 de xaneiro de 2023, ás 10h, no Salón de Plenos da Casa do Concello de Curtis, sita en Teixeira. En caso de que non fose posíbel realizarse nesa data, anunciarase unha nova data cun mínimo de dous días hábiles de antelación a través da páxina web do Concello, www.curtis.gal.

Os boletos agraciados publicaranse o mesmo día do sorteo no tablón de anuncios da Casa do Concello e nas oficinas municipais de Curtis. Tamén se publicará nas redes sociais do Concello así como na páxina web.

6. PREMIOS

Os premios serán repartidos en 47 vales de compra cos seguintes importes:

- **2 PREMIOS DE 500 €** cada un, que lles corresponderán aos dous primeiros boletos que se saquen no sorteo.

- **45 PREMIOS de 200 €** cada un.

Os premios non serán acumulativos, de modo que se unha persoa resulta gañadora de máis de un vale de compra, só será beneficiaria do premio de maior importe, e en todo caso dun só vale.


As persoas gañadoras teñen de prazo o día 16 e 17 de xaneiro de 2023 para presentar o boleto gañador no Casa do Concello de Curtis, e trocaráselle polo correspondente vale.

Finalizado o prazo de presentación dos boletos, os que non se presenten perderán o seu dereito ao correspondente vale, que será adxudicado por orde aos números adicionais de reserva. Estes novos boletos agraciados publicaranse dende a páxina web e redes sociais do Concello, indicándose o número de boletos non reclamados e publicarase os números extraídos como suplentes, cuxo titular deberá retirar o vale no prazo de 2 días hábiles.

Os premios levarán os descontos de IRPF correspondentes conforme á normativa aplicable.

7. VIXENCIA DOS VALES.

Os gastos que serán obxecto desta subvención deberán ser realizados entre os días 16 de xaneiro e o 31 de marzo de 2023, ambos incluídos, sendo ese prazo o de vixencia dos vales.



Os gañadores deberán presentar no Rexistro Municipal, entre os días 3 e 17 de abril de 2023, a seguinte documentación para que lles sexa entregada a cantidade que lles corresponde por sorteo:

- O vale entregado polo Concello.
- A factura do gasto realizado, cuxo importe deberá ser igual ou superior á cantidade coa que resultara agraciado. Se o importe da factura fora menor, entregaráselle o premio por ese importe. No concepto da factura figurará a seguinte lenda: Campaña de promoción do comercio local de Curtis "O teu pobo premia 2022-2023".
- Nº de conta bancaria para realizar a transferencia do importe do premio correspondente.

A participación na campaña O TEU POBO PREMIA 2022-2023 comporta a total aceptación das bases do concurso.

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo

Documento electrónico asinado digitalmente cuxa integridade garátese mediante cotoxo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Digital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)